

A. ROSA. TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Número 43

A CRUÑA 20 DE XANEIRO DE 1918

TEMA DE VERDADEIRO INTRÉS

Pregamos ós nosos lectores ollen con intrés o artigo que seguidamente publicábase, do querido irmán e colaborador d'iste boletín Dr. J. Viqueira. É un traballo merecente d'estima tanto pol-o que pode tere de proveitoso pr'ó porvire, como pol-a autoridade do autor. Viqueira, nado fora de Galicia, é un galeguista forte e sinceiro. ¿Val o exemplo? Insine publicista, profesor de Psicología, colabora nos boletíns culturás mais importantes d'España e o estranxeiro. Repersenta unha das figuras mais outas da xuventude intelectual d'España. Educouse n'Alemania e n'outros pobos d'Europa. Fixo libros filosóficos, e traducións d'importancia. E até, por abolengo, resulta respetable: é sobriño do xenial pedagogo Cossío. Dí Viqueira, que xa fai tempo practica o que predica:

Pol-a reforma da ortografía

É un problema entre nós a reforma da ortografía e un problema d'unha grande transcendencia. De feito existen hoje duas maneiras de escribir o galego: unha que podemos chamar erudita, etimológica ou millor histórica e outra popular. A diferenza está en que n'a primeira se empregan a *j* e a *g* na forma que se fai en portugués ou francés, e na segunda sustitui a estas letras no seu antedito sonido a *x*. O meu propósito no presente artigo é mostrar que temos que admitir inmediatamente a ortografía erudita, si cobizamos a maxima eficacia do noso idioma e que n'o porvir témos que modificala n'un senso aínda mais util.

Ve-jamos porqué. Unha lingua debe escribirse de maneira que poida ser entendida pol-o maior número d'homens. Non sucede esto tendo en conta a fonética que co'as suas frecuentes variacions tende a esnaquizar o language e que importa mais ben suxetar, sen'on tendo conta da historia. As ortografías históricas mostran unha ortografía unificada por necesidades d'unha cultura que ten rasgos unitarios. Asin a actual ortografía grega non só unifica o total language grego senon que unifica o language moderno co antigo. É sabido que esestia entre a antiga fonética grega e a actual unha diferenza fonda. Da mesma maneira a ortografía castelan sirve de base para unha cheia de fonéticas (a andaluza, a castelan, a leonesa e outras como as americanas) é para a vella literatura anterior ao século XV (cuya fonética non era a actual). Asin pois vemos que as ortografías históricas son esencialmente instrumentos prácticos e unificadores, que

amplían a eficacia d'unha lingua. No galego dase o mesmo caso. O portugués é un filo do galego e entre os dous no hai mais capitalmente que diferenzas fonéticas que non son tan grandes quizais como as que existen entre o andalus e o castelán. Si nosoutros empregamos a ortografía histórica galaico-portuguesa teremos salvado a dificultade que separa as duas lingoas e daremos ao galego un caracter mais universal, facendoo accesible ao maior número de homes.

Foi un mal da literatura galega aislarse mediante a sua ortografía. Escrita con ortografía portuguesa houbera corrido mais facilmente o mundo e isto tería influído na vitalidade do noso idioma e do noso pobo, pois ambos van intimamente unidos. Certo non podemos d'un golpe introducir unha ortografía á que non estames habituados. Temos que ir eiquí como sempre co coidado debido pra que a nosa obra jurda. Pol-o momento debemos aceptar a ortografía erudita, etimológica, o que será un gran paso. Mais conseguido esto, precisamos continuar a nosa obra e camiñar pra a total unificación das ortografías galega e portuguesa. Asin, intruduciremos a *uh* pol-a ñ, a *lh* pol-a ll, e outras modificacions que o lector poda adiviñar facilmente. Farase isto primeiramente n'as publicacions eraditas, científicas, despois n'os populares.

Quizais algúns consideren isto como unha fantasía sen valor. Lémbrense os que tal pensan da importancia que tén en todos os pobos a fixazón da ortografía e os esforzos que n'elo poñen. Lémbrense que existiron casos como os nosos. Os flamencos usaban unha ortografía diferente da d'os holandeses, as suas lingoas eran entre si tan semellantes como o galego e o portugués. Un dia che-

gou en que os partidarios do idioma flamenco tiveron que abandonar a sua ortografía e admitir a holandesa para facer mais eficaz a sua fala. Compárese unha literatura galega comprendida sómente en Galicia c'unha literatura galega entendida en Portugal, no Brasil, n'as colonias portuguesas e por todos aqueles que coñecen o portugués no mundo e que teña entrada n'as cadeiras para o insino do portugués que existen no mundo enteiro!

Ademais a reforma qu'eu expoño permitirá que no noso país se poidan lér non só libros galegos ou castelans senon libros e jornás portugueses. E isto permitiranos poñernos en relazón con novas culturas e ampliar os nosos hourizontes nos sentidos mais diversos da nosa actividade. É un feito notorio que n'estes contactos de varias culturas é onde nascen os productos mais perfeitos da civilizazón e as culturas mais ricas.

O momento actual e apropiadísimo para emprender a reforma da ortografía. Canto mais tempo pasa mais difícil será facelo pois a ortografía iráse arraigando co a gran riqueza da produción literaria galega. O meu artigo é samente unha indicación para o benévolo lector que si está d'acordo conmigo o millor medio de traballar pol-a obra que proponho é escribindo c'a nosa ortografía galega que foi a vella da nosa idade de ouro.

JOHAN VIQUEIRA.

Triste aniversario

NA data do 24 fai un ano que se finou na Habana o inspirado mestre José Castro Chané. Aló, lonxe da terríña que tanto amaba, dóu o autore do *Adiós a Mariquiña* o derradeiro salayo.

O tempo non fai que esquezamos a sua lembranza. Levámola no fondo do peito, ateigada d'agarimos.

Nós temos sempre por lema honrar ós que honraron a su patria.

Eiquí, na Cruña trabállase pra podere erguer axiña un mausoleo sobr'a cova onde teñen acougo as cinzas do glorioso mestre.

E de outa xusticia ise homenaxe.

ANACOS DE PAROLA

A esencialidade da lingua

A custión da fala, ista custión qu'ô decir d'algunhos soio ten unha importancia moi secundaria e que pra outros ten un valimento totalmente negativo, é agora, como o será decote, o balado infranqueable que separa ôs bos galegos dos que sômente levan tal nome, ou ben inconscientemente, e isto é o menos malo, ou ben como algo circunstancial e postizo, como algo que debe desaparecer pra qu'en troques soio fique imperando un calificativo: o de español. De considerare a fala como cousa imprescindíbre a non considerala eisí, arrinca a separazón, a liña divisoria qu'axunta n-unha veira ôs galegos patriotas, sinceiros, primeiro galegos qu'outra cousa calquera, e na outra ôs galegos *peraccidens*, os galegos qu'o son do mesmo xeito que puideran sere chinos, ôs galegos que, por non sentiren o supremo orgulo de seren fillos d'unha patria cal a nosa, non dubidarían en faguer, si el fose faitibre, unha continuazón de Castela parda, irta e fosca, coa nosa Galicia, escomezando por arrenegar da yalma propia—o idioma—e donándolle en troques unha yalma allea coa infiltrazón do idioma castelán, todo o respetable que se queira, mais tan eistrano a nós como o francés ou o italiano:

A fala, contra o que poidan afirmaren mais de catro labercos imbéciles y-eunucos qu'a cotío veñen ceibando as suas arroutadas nos xornales do finado réximen de la-

~~~~~

Leonardo Rodríguez fracassou de maneira tan ruidosa en Villalba que nin siquer quixo disfrutar do *lunch* que os caciques tiñanlle preparado para despois da conferencia. Fuxeu pra Lugo, coma y-alma que leva o demo.

Logo que o interrumpiron na conferencia, que foi ãs tres da tarde, e non estaba anunciada, xa non deu pe con bola. E ninguén entendíase no local. (Esto que non contaron os xornás, é certo).

Houbo señoritas que coaseque s'esvaiaron. E o rapaz fillo do cacique que persentou a Leonardo, decía berrando: No te dije papaito que a algunas personas no debían de dárselle invitaciones».

E berrando tamén, unha señorita escramaba: «¡Ai, por Dios no le digan nada a los que interrumpen, que puede ser peor».

En fin, lectores, unha cousa ridícula abofé.

dróns, é a custión mais importante, trascendental e definitiva d'un pobo. Antramentras ela subsiste poderá aquel pobo sere asoballado, esnaquizado, feito farrapos, mais sempre, como algo que s'impón por derriba do esnaquizamento material, latexará unha unidade que virá á sere com'ô aglutinante que cohesionese os anacos maltreitos d'aquela nacionalidade. Isa unidade háchase determinada e constituída pol-o linguaxe, e ela ven á sere a qu'obra o milagre de faguere que pobos que levan anos e anos desfeitos e re-

OS NÓSOS MORTOS MANDAN...

## DE AURELIANO J. PEREIRA

Xemes escravo? Da tua negra sorte  
queixaste do rigor.  
e dis tamén qu'a morte non buscache  
por falla de valor?  
Tesouro d'un valer que ninguén tasa,  
do home a libértá,  
loitar por conquerila, quen a estima,  
sin trégoa deberá,  
E quen, cobarde, ou infelis, n'a teña  
non chore seu door;  
pelexe contra todos, y-o fin sexa  
ou morto ou vencedor.  
C'os mesmos eslabós da sua cadea  
o servo ha de fundir  
espada vingadora que lle abra  
as portas do porvir.  
Espada vingadora qu'ô tirano  
non vexa sin tremar;  
qu'ô cegue c'os lostregos que despida  
nos aires ô brilar.  
E si o servo non vence n'ô combate,  
non chore cal muller;  
¡volva contr'o seu peito a espada fera,  
e libre podrá ser!

partidos s'atopen sempre en condizóns de tornaren á sere uns e ceibes, cal si a desfeita non houbera eistido nunca; tal é o exemplo da Polonia, da Polonia qu'agora ten de xurdir tan dona de si mesma como denantes da catástrofe, pesi-ôos maquiavelismos imperialistas; tal foi o caso das nazionalidades balcánicas ô sacudiren o asoballamento turco.

Arrincádelle á un pobo o seu linguaxe e teredes qu'o pobo en custión xa non será aquel que, denantes de perdere a sua fala, tiña total-as características de pobo *un* e *único*, difrente ôs mais; pol-o contrario, aquel pobo que denantes era tan seu, tan dono de si mesmo, xa que se mantíña enteiramente dono da sua yalma, terá de ficar escravizado e absorvido por aquel outro que, mais forte ou mais astuto, soupo con-

querilo resellando a sua imposición cò cuño do linguaxe imposto. Pese a total-as tiranías e a total-as opresións un pobo mantense ceibe e digno, espiritualmente, antramentras pode abranguere qu'a eispresión das suas arelas e das suas rebeldías se faiga no linguaxe propio, no autóctono; pol-o menos a sua y-alma latexará ceibe e segura frente âs cobizas e âs asechanzas do tirán e sempre, inda qu'a opresión sexa enormemente forte e despiadada, amostrarase acesa a raiola de lus do patriotismo alumeando a esperanza d'ollar axiña a redenzón da patria. Como proba manifesta d'istes asertos atopamos os esforzos feitos por Alemania, dende que pol-a forza foron suas a Alsacia e a Lorena, pra matar o idioma francés n-aquelas terras qu'outrora foron francesas e que, pesi'â forza bruta, aínda siguen tan francesas como nos mouros días do conquerimento.

Deixar morrer o idioma d'un pobo é faguer qu'aquel pobo fique escravizado pra endexamais. Dende o momento en que os seus naturaes fan renunciación do legado qu'en herdo lles deixaron os seus antecesores, aquil pobo esténdese a si mesmo a certificación d'incapacidade pra sere ceibe e soberán; a cibdadanía morre n-él, e os homes qu'o habiten seguirán sendo homes mais nunca cibdadans; aquel anaco mais ou menos grande de terra, qu'era unha patria natural capacitada pra vivire a vida dos pobos libres, terá de ficar convertido n-un territorio sin características esenciaes e d'él pouco a pouco, irán desaparecendo aínda aquelas características mais persistentes, tornándose o que dinantes fora unha patria en noxenta xuntanza d'escravos qu'endexamais abranguerán a libertade perdida.

XAN QUINTO.

~~~~~

Cando un home está baixo os pés d'outro mais forte, que o ten asoballado, ¿non fai ben en acetare a axuda do transeunte que l'a ofrezca sin perguntarlle si pensa d'unha maneira ou d'outra, si é plutócrata ou radical?

Pois iste é, dízelle as voltas que se queira, o caso de Cataluña respecto á Galicia.

Cataluña, axúdanos á desbotare o caciquismo salvaxe que ten esmagada antr'as suas poutas a débil cidadanía do noso pobo.

Logo, Galicia, drento do seu chan fará o que millor lle pete.

Os catalás, plutócratas ou non, axudarán o mesmo ôs radicás que ôs conservadores; á cantos en xusticia pidan o seu apoio, pra loitaren contra do caciquismo bárbaro dos partidos do turno.

E quen ¿o non sendo escravo, parvo ou canalla, poderá rifar n'iste preito c'os catalás?

Iles non preguntan á ninguén os ideás que profesa pra axudalo.

¿Quen ofercéu endexamais un apoio somellante?

DE MIN PRA VOS

O DERRADEIRO BEIXO

(CONCRUSIÓN)

Era unha habitazón dormitorio semi-aloumeada na que o primeiro que distinguíu foi un leito de gran luxo. Despazo, caetoso, dirixéuse a él.

—Ven, chega, que ben te sentín,—adivirtulle ela con voz apagada, incorporándose traballosamente.

Chegou lixeiro ond'ela e sentándose no borde do leito, colleull-as mans, e fitouna areloso. Doente e todo, aínda era a mesma.

—¿Fítasme? ¿Que feia debo estare!—perguntoulle avergoñada pechando os ollos.

—¿Mais fermosa que xamáis! ¿Tés moito mal?

—¿Moito!... Xa vés, isa xente qu'atopache na sala son os parentes agás o vello das cangallas qu'é o notario. Testei. Confeseime. Viaticáronme... ¿Chameite a tñ... ¿Xa vés como podo estare!... ¿Logo, logo morrereil...

—¿E chámame agora? Mais non, ti non morreras; non pode ser, aprensións tuas,—i eisi decíndolle apertáball-as mans contr'ô seu peito.

—Chameite, porque teño unha deuda contigo; unha deuda que quero recibas cò meu derradeiro alento que será pra tí.

Sentouse, e colléndoll-ô rapaz as mans, cada vez con voz mais queda, porsiguéu:

—Non, ti non sabes a ledicia que teño ô te ter eiquí xunto de mín. Si até parez qu'ô benestar volta á min, e qu'a doenza vòu do meu corpo ô conxuro da tua presenza. Denantes de tí chegare, un friaxe mortal atei-gaba miña carne e meu espírito... Agora non; agora sinto vida, forzas, quentura, como si ô te tere ô meu carón, eisi, moi á carón,—e apertuxába-o contra ela—sentírame forte e deitara saude, moita saude, o mesmo qu'aquela noite... ¿lémbreste? Aquela noite en que nos conecimos cando viñamos en viaxe pra istas terras.

—Lembro, si... Mais falas moi axiña. Acouga. Fatígate moito, e pode faguerche mal.

—¿Bô! ¿Mall... ¿Mais aínda?... Non, non teñas medo. Iste benestare, ista quentura, iste engano de vida que sinto, e porduto da emozón de te vere... ¿A catralva doenza que vai minando a miña eistencia, non cexa na sua labore! Descoida, non tardará, non será tardeira en dare fin á sua obra...

—E tiña razón. As fazulas còreadas íbanse lle cobrindo d'un branco amarelo mate, seus labres comenzaban a tomare unha brillante tesura acerada, seus ollos pol-os qu'asomaba a vida, apagábanse, e as palpebras reco-

llidas sempre, desdoblábanse pindurantes como ponla desgaxada pol-o vento.

O rapaz decatouse d'aquíl troque e soborcolleull-o azo. Intentou adicarlle verbes d'alento, de consolo, e non puido. Era tan intensa, tan forte a emozón que sentía, qu'a sua lingoa apertuxada contr'os dentes, permanecía queda, rebelde á vountade, pra eispresare seus pensamentos.

—¿Meu amore, meu neno,—porsiguéu ela sentindo correr pol-o seu corpo o friaxe da

CADRO MOURO

Leonardo Rodríguez, o héroe por sorpresa da recente xornada caciquil villalbesa, dixo na sua vergoñosa e noxenta arroutada, que tantas protestas levantou antre os nosos correligionarios d'aquela simpática vila lucense, os seguintes verbes que transcribimos tal como chegaron a nós, sin traducir, pra non lixugar o noso idioma:

«Debo también afirmar — agrega D. Leonardo — que me constituyo en defensor de los llamados caciques, a los cuales se combate con un sólo objeto, el de ocupar sus puestos. Defiendo a mis amigos, porque todos lo son muy dignos, muy leales y honrados; y cúmpleme decir que con ellos lucharé sin trégua y con ellos caeré y seré arrastrado...»

Comentarios ¿pra qué? Verbes tan elocuentes son abondo pra retratar de man maxistral non soio a un home sinon a toda unha política.

Coma Leonardo Rodríguez é Wais, outro besadista feitaura do vello sistema caciquil que ten mentes de dare un mitín na Capela. ¿Fora có'iles!

morte—isto vaise!... É tempo de confesións, das confesións ispidas... Síntome mal, moi mal... ¿Eu morro! Nas portas da morte dise o que se sinte... Quixenche moito, moito, co-un querere ideialista, puro, alonxado de toda materialidade. Vou finir queréndote eisi... Ti, queresme tamén, xa o sei... ¿sinon non viñeras!

—¿E á qué agardare agora á me chamar?

—Pra te querer mais, pra que tamén tí me quixeras... Todo en nós é rebeldía, ¿sabes, meu neno? O que temos ô alcance da man, deixámol-o, o que non podemos tere, o desexamos... Si eu correspondera ô teu amore, ôs teus desexos, cicáis hoxe, cicáis n-istes momentos, estivéramos un lonxe do

outro... Eisi, non; eisi mantivemos acesa a nosa pasión, o noso querer, o noso santo amore.

—Santo amore que prêto ou lonxe sentiría o mesmo.

—Non, home, non. O corazón da muller nas vosas mans, é com'os xuguetes nas mans dos nenos. Primeiro loitan por conquerilo, dempois xogan co-il, e o se cansaren, créban-o, fannno anacos, e termiñan por arroxoalo n-un rincón calquera, esquecendô por outro novo xuguete que non teñen e o desexan tere...

Calóu. Un pequeno desvaicemento, froito do esforzo que faguía apoderouse d'ela, e recostou sua cabeza sobor do hombro do rapaz.

—¿Vel-ol... ¿Non cho decía eu que fatigá-baste?—reprendéuna il amorosamente pasándolle a man pol-o cabelo.

—É perciso qu'ô faga—contestoulle como saíndo d'un sono faguendo un supremo esforzo.—¿Meu neno, pouco me resta de vivire!... Denantes quero darche tod'ô meu amore, quero que recollas n-un beixo, n'un beixo longo, moi longo, tan longo como o meu viaxe, todol-os cariños, todo o amore, toda a ilusión da miña vida que por tí sentín... Mais ten de sere agora; agora que meus labres aínda teñen algo de mornenza...

¿Béixaos, aprobeita a pouca quentura que lles fica, que n'iste beixo derradeiro, vai miña alma, miña vida,—i eisi decíndolle, co-a boca entraberta e un brilo eistrano nos ollos, adiantou á il a faciana, e còs brazos abertos, agardóu.

O rapaz, tremoroso, aturdido por aquil feixe de cousas impervistas obedecéu cego ô mandato, e colléndoll-a cabeza co-as mans, suxetándolla pol-as sens, arrimou seus labres ôs d'ela, e beixóuna areloso, luxuriante, moi longo, longamente, até qu'ô friaxe d'os labres d'ela, comunicouse ôs seus, avisándolle que beixaba á unha morte.

Erguéuse de súpeto. Pálido com'a difunta, deitóuna, e cruzándoll'as mans sobor do peito, cheo de santa fé, il, porfundo iconoclasta, botou man d'un pequeno e fermoso crucifixo de prata que fitara na cabeceira do leito, e puxollo entr'as mans.

Salaióu. Ao fitala notóu qu'a eispréndida cabeleira ô deital-a ficarlle cobrindo a testa. Arregróulla. Ao termiñar, non puido resistil-a tentazón de beixal-a por derradeira ves, e beixóuna na boca, ond'ela l'ordenara, i ô erguérese, ollóu, aprensión sua ou realidade, qu'â morta entrabíraselle a boca pra dibuxare cicáis unha surrisa mostra de satisfazón, de gratitude, que ¿quen sabe si d'aló, da outra vida, adicáballe por aquila derradeira probe de cariño!...

RICARDO CARBALLAL.

DATOS BIOGRÁFICOS DE CAMBÓ

(Feitos por Eirici Ventalló no derradeiro artigo que escribiu)

O xeito d'iste home que posee, sin dúbida, cualidades verdadeiramente xeniales, merece sere conecida e estudada. Cambó é a demostración de que a vountade humana, si a guía o talento e o amore ó traballo axúdaa, pode trunfar inda que se ll'opofian os ambientes mais adversos.

Cambó cumplíu fai pouco corenta anos; e fillo d'unha familia homildísima, da que só tíñase distinguido un abó de seu, famoso guerrilleiro na derradeira loita civil: o cabecilla *Barrancot*. D'iste cabecilla, que con corenta homes sostívose durante meses e anos pol-as montañas da provincia de Girona, herdóu Cambó, sin dúbida, a enerxía indomable, a acometividade, o golpe de vista sere pra facere frente ás situacións mais difísiles.

Francisco Cambó era, fai vintetres anos, mancebo de botica no seu pobo natal, Besalú. Roubando horas ó descanso estudó a carreira de leises, baixo o pe forzado de tere que gañar a toda costa matrículas d'honore, pois d'outro xeito non lle sería abrangible seguire os estudos.

Ao acabare a carreira, trasladóuse a Barcelona, entrando coma pasante no bufete de Verdaguer e Callis.

Habíase fundado *La Veu de Catalunya* e déronlle unha praza de redautor con cativo soldo e a obriga d'escribere a cotío notas sóbor política estranxeira. Os artigos non aparecían co'a firma do autor; pro chamaron a atención, e axiña o nome de Cambó conquireu simpatía antr-os inteleutuás.

Gardamos nas nosas lembranzas a de tere vista moitas veces—sin sermos vellos— a ise Cambó, que hoxe chegou a sere casi o árbitro dos destinos españoles, c'un traxe raído e lustroso e un gabán de bazar c'os petos cheos de papés, camiño da redación de *La Veu*.

N'unha das nosas novelas, *La tragedia del diputado Anfrúns*, falando d'aqueles

tempos nos que Cambó loitaba por dárese a conecere, escribimos iste anaco de semblanza do *leader* do rexionalismo:

«También aquella noche, allá abajo en un modesto despacho de una vieja casa de la gran ciudad, había un hombre joven de aspecto endeble, cuyos ojos brillaban, como

»Y se acostó para levantarse no muy pocas horas después y escribir el artículo de *La Veu*, que producía sus buenos veinticinco duros mensuales, y más tarde acudir al despacho de Verdaguer y Callis en busca de otro sueldecito trabajando como pasante.

Aquel joven de aspecto endeble y ojos febriles era Francisco Cambó.»

Eleito concexal, ós poucos meses foi por dereito propio a primeira figura d'unha minoría municipal rexionalista, na que háchábanse dous dos autuás ministros da Coroa.

A campaña da Solidaridá Catalana pú-dolle costare a vida.

N'Hostafranch, os radicaes que trataban d'asesinare a Salmerón atravesaron o peito de Cambó c'um balazo que deixóu fondo suco na saude do *leader* rexionalista.

Cambó veu ó Parlamento por vez primeira fai nove anos. N'unhas segundas eleicións derrotáronno, mais trunfóu novamente n'unhas terceiras, e pesi-a que a su autuación foi sempre bloqueada pol-a rexa antipatía dos homes da vella política española, logróu imponérese e trunfar.

Si non se malogra, Cambó encherá algús capítulos da Historia d'España. Oira que Cambó soméllase a Iñigo de Loyola. No físico, poيدا que si; pro Ignacio de Loyola, era un gran corazón, en semble con outros méritos. E Cambó somente é un gran cerebro e unha grande vountade.»

PRA ESPALLAR POR GALICIA ENTEIRA

Un documento histórico que é cédula de garantía cidadana



«Sei que nos vosos peitos latexan con moita forteza arelas de renovación, rexos desexos de cidadanía; pro encol de vos perdurá o temore, o medo de que non abrangueredes a xusticia, de que non s'escoitarán as vosas peticións porque dende'o Poder serávos negada toda razón e torcido voso dereito.

Vin a Galicia na repersentación d'unha entidade que loitóu contra dos Gobiernos e nas Cortes contra dos políticos funestos e desavegosos, logrando que s'esnaquizaran.

Veño a decirvos que vos prometemos a xusticia que negóusevos sempre. Sabedeo ben; que o seipa e enxerxa o galego mais

homilde da mais homildosa cabana: CALQUER ATENTADO, CALQUERA FALCATRUADA CONTRA DO SEU DIREITO OU DA SUA CIDADANÍA, VAI CONTRA QUEN VAIA, CONSIDERARÉMOLO OS CATALÁS COMA UN ALDRAXE PROPIO, QUE NÓS MESMOS ENCARREGARÉMONOS DE SILDARE.»

(Verbes ditas por D. Francisco Cambó a noite do 21 de Nadal de 1917, no mitin d'Ourense.)

si estuviere consumido por la fiebre. Apoyando los codos sobre una mesa llena de papeles, repasaba los folios de una gran carpeta, en la que había presupuestos, planos municipales, proyectos de reformas, informes técnicos.

»Un antiguo reloj de pared dió cuatro roncadas campanadas y el joven, cerrando la carpeta, se levantó.

«—Por esta noche ya hemos trabajado bastante—dijo hablando consigo mismo.—Es penosa labor esa de revolver tanta basura; pero hace falta trazar un plan, un plan completo para redimir la ciudad. La obra está ya comenzada y es preciso llevarla hasta el fin. ¡Si yo tuviese tantas fuerzas como fe tengo en mí mismo!

Cando escoitedes a un galego, catalán, vasco ou andaluz que di: «son español denantes que nada», ollándoo con desprezo, pechade a chaqueta, votade unha mau á carteira e co-a outra recadade un fungueiro.

Ise home é un vividor ou un imbécil. É como aqueles que berrando ¡Viva España! ó son da Marcha de Cádiz, facían negocios porcos e criminás á costa da saude dos probes soldadiños que morreron de fame e miseria nas colonias.

POEMAS SINXELOS

VI

Os cabalos de coches de punto.

OH, a tristura d'istes probes cabalos famentos!

Sin unha rebeldía, nin unha vountade...

E baixo a tralla d'un home ausurdo comó escravos.

C'os ollos cubertos pra que non vexan.

¡Probes cabalos!

A testa pensativa, mentras aquil home non berra ou non lle da un trallazo dooroso.

Triste vida a d'istes probes cabalos cheos de fame, qu'algún día han de servir pra que un boi salvaxe chántelle un corno na andorga, mentras o pobo que enche a praza de touros volva os ollos con noxo.

¡Probes cabalos famentos! Sin unha rebeldía, nin unha vountade de ser, com'os parías y'os ilotas...

VII

O home dos cadeliños

E un miserabre desfarrapado e peludo.

Nas suas maus callosas e mouras, ten unos cadeliños pequenos, brancos con pingotas mouras, que queren abril-os ollos....

Son tan pequeniños e tenros, que parece que qu'inda naceron antonte.

O home ten un en cada mau, e vains ofrecendo e insiñando ós que pasan....

Hai tal improración n'aquil home barbado que vai ofrecendo homildosamente os cadeliños!....

Mentras os cadeliños queren abril-os ollos, cuasi pechados, qu'asemclan unha pequena pingota de tinta....

VIII

A rapaciña que pasa n'automóvel

Na nena xentil:

Vinte pasar, fuxitivamente, tras do cristal burilante do automóvel.

Sorrías.

Y'as rosas bermellas das tuas meixelas, eran mesmamente rosas de primadeira.

Vinte pasar. Y'eu que tiña a vountade y'a barilidade da miña xuventude, entrístureime porque tí, a muller de Ensono, na que soñamos quizabes, pasabas....

Quizabes no te volverei a vere....

Sô foi un momento. Pasaches e surriches, c'unha sorrisa de docedume, ô desherdado da fortuna que te ollaba apasoadamente....

Ti sorriches, c'unha sorrisa de promesa, y'eu, com'un probe de Deus, quedei idealiizando a tua imaxe, no meu esprito....

Y'eu chorei ô pensar que ti volverás a sorrir ós mais....

IX

Un ceguiño.

Cánta homildade hai n'iste probe ceguiño, que pide unha limosniña ós que pasan!...

Ten unha sorrisa de bondade nos beizos.

Ten a faciana barbada com'a d'un Nazareno....

—Pra que Deus lles dea todo ben....

As xentes da cibdá pasan sin oslo nin miralo siquer....

Alí vén, alí vén.... E unha rapaciña roiba, com'aquelas virxes dos cadros do Frade Anxélico.

OS NOSOS MORTOS MANDAN...

SONETO DE LAMAS CARVAXAL

Galicia, esperta y érguete lixeira,
Cobra, loitando, a libertá perdida
Que millor é morrer, que confundida
Vivir co-a qu'ê pra ti como estranxeira.
Ti que fuche dos pobos a lumbreira
¿Pra que estás aldraxada y esquecida?
Sex'a gloria o teu sol, a pas tua vida,
Deus fratresque Gallæciæ a tua bandeira.

Fai un esforzo, patria, mostra forte
Ise valor que sempre foi tua herenza:
Eres dina, Galicia, d'outra sorte.
O día da tua gloria xa comenza:
¡Loitade, pois, irmáns! ¿Qué val a morte
Si logramos a nosa independenza?

Véde como lle da un cártiño?

Y'o ceguiño dille:

—Qu'o noivo a faga felis....

Ela pónse colorexada com'esas rosas roxas dos xardís no Maio....

X

A miña tristura.

Vou pol-a rua longa e chea de ruidos e de xentes, rumiando a miña tristura....

Ista miña pesadume que m'afoga.

E iste meu esceuticismo qu'amarga a miña vida.

Teño o curazón xa morto.

Quén son eu?

Probe de min que non son mais qu'unha Dúbida cobregueando pol-a vida!....

Y'o pensar que son terra, como todo-l-os homes—tal diz o Xénesis—renego do día en que nacín....

Malaya aquil día....

Ista miña tristura, que vai comigo com'unha soma, e meirande n'ista rua longa...

E sinto muito friol....

E sinto unha angustia de soedá entre tanta xentel....

Probe de min que non son mais qu'unha Dúbida cobregueando pol-a vida, com'unha cobra!....

EVARISTO CORREA CALDERÓN.

Madrid, no ano de 1918.

A BASÍLICA CATEDRAL DE LUGO

A nosa docta Real Academia Gallega muy pronto comenzará a publicar no seu prestixioso *Boletín* unha interesante monografía inédita da Catedral de Lugo, da que é autor a noso moi culto amigo e meritísimo escritor, D. Xosé Vega Blanco, director do noso apreciado colega *La Idea Moderna* d'aquela histórica vila.

O traballo do noso amigo Vega, haberá de sere por todos conceptos, importante, no solasmentes baixo do aspecto arqueolóxico se non tamen histórico; e seguramente será apreciadismo e moi buscado pol-os técnicos e aficionados a esta sorte de leituras.

A este fin, e de pois que o *Boletín* dito remate a publicación, farase unha tirada aparte, de 200 exemplares, levando un prólogo do noso querido amigo e irmán Don Francisco Tettamancy, a quen Vega adicalle a sua meritoria labor.

Será pois esta obra, de mérito extraordinario, compoñendo un xeitoso folleto, ilustrado con moitos fotografados, que ao honras dendes de logo a cibdade do Sacramento honrarase tamen o autore fillo da mesma, por que hai que convir que somellante clas de labores, son as que perduran de cote na bibliografía xeneral dos pobos.

O noso idioma vai conquerindo cultivadores.

No Eco de Santiago escribe en galego crónicas políticas a cotío dende Madrid o culto xornalista Xavier Montero.

Na Idea Moderna, de Lugo, en galego escribe tamén un rapaz moi intelixente: Correa Calderón.

E partidarios do emprego do noso idioma son tres filósofos da terra; tres catedráticos de Psicología, Lóxica e Ética: Viqueira, Lousada Diéguez e Eloy L. André. Tres verdadeiros inteleutuás.

O poeta Xavier Bóbeda, prepara un libro en galego; Valle Inclán e Fernández Flórez, pensan escribir en galego.

Van falando e escribindo no noso idioma moitos mestres de pirmeiro insino, catedráticos, cregos, frades, algun bispo, como o ilustre Lago González, militares, médicos, comerciantes, farmacéuticos e por decontado unha chea de rapaces vilegos

¿Non queriades caldo, probes d'esprito, escravos da hexemonia de Castela? Pois beberedes tres cuncas.

Dende que se fundaron as Irmandades, fálase e escríbese mais galego, pol-a xente culta, que dend'o século XV á data d'aquela fundación.

Novas da causa

O 28 d'iste mes, fará un ano que fumos a Lugo, c'o ouxeto de darmos aló un mitin, os irmáns seguintes: Lugrís Freire (don Manoel); Mariñas (D. Xenaro); Carballal Laforcade; Somoza (D. Alfredo e D. Lois); Parga (D. Xorxe); Freire (D. Miguel); Peña Novo (D. Lois); Tettamancy (D. Francisco) e Villar Ponte (D. Antono e D. Ramón.)

En Lugo, xuntáronsenos D. Manoel Bannet Fontenla, primeiro Conselleiro da «Irmandade da Fala» de Monforte, e o señor Orosa, de Villalba.

Dóuse aló un mitin, no que Galicia pola vez primeira falou co'a súa lingoa, nos tempos novos. Persentóunos un rapaz de valimento: E. Correa Calderón. Déronnos a súa axuda o gran xornalista Vega Blanco e o notabre escritor Cora e Lira.

Pasóu un ano. Oxe está constituída na cidade do Sacramento unha Irmandade e unha oficina eleitoral. Ten o seu domicilio no piso primeiro da Rúa do Conde Pallares. Aprobóu xa o regramento pol-o que haberá de rexírese. Pensa loitar nas próximas eleccións con fe e entusiasmo rexos. Os organizadores son Lasala, Vega, Cora e Lira, Garín, Osorio e Castilla.

A semente ceibada no suco por aquel fato de tolos, froitifica. Os rapaces e non rapaces precursores, poden sintire orgulo.

* * *

A «Irmandade da Fala» de Monforte ven faguendo unha rexa campaña de propaganda pol-o campo. Todol-os domingos da mitis nas parroquias do Municipio da capital e nos de Escairón e outros. Tamén espaila follas galegas imprentadas, nas feiras da comarca.

* * *

En Xunta xeneral da «Irmandade da Fala» de Compostela, Lois Porteiro Garea, pronunciou un discurso importantísimo.

N'il ispiu ó eaciquismo e ó besadismo, respondendo crara e maxistralmente ás parvadas que ceibóu en Villalba Leonardo Rodríguez.

Arrincóu a careta do rexionalismo co'a que pretenden salvárense á derradeira hora os vellos e noxentos caciques.

Como ha d'espallarse imprentado iste discurso, non falamos mais d'il.

* * *

En Bergondo celebróuse un mitin agrario rexionalista. Mitís do mesmo xeito véñse

faguendo en Pontedeume, e n'outros pobos das provincias d'Ourense e Pontevedra.

Nas aldeas que están preto do Ferrol, axiña efeutuaráanse actos somellantes. ¡Terra a nosa!

~~~~~

## Peneirando...

GALICIA non tivo endexamais un representante de seu nas Cortes-

Por iso é posible que o trigo—o pan do rico—non pague consumo; namentres si guen pagándoo o mainzo e o centeo que son o pan do probe e que, comenadamente abaratados, contrebuirían á millor alimentación da nosa gandería e ó seu progreso, deixando ó labrego en liberdade pra podere adicar suas terras á outros cultivos, mais n'armonía co'as nosas condicións climatológicas e topográficas.

Por iso o pobo galego sofre un tráxico e inxusto gravámen arancelario sobr'o mainzo e o centeo que l'obriga á pagare cada ano *vinte millós de pesetas*, abafadores, esnaquizadores da súa economía. ¡Vinte millós de pesetas, pol-o dereito de comere pan, e non de trigo, e ás veces ningún... pagan os labregos galegos!!

\*\*\*

Cando vos digan que tedes que mostrarlles gratitude ós políticos que donaron milloras ós vosos distritos, contestai, preguntándolles: ¿canto importa o que pagamos ó Estado dende vinte anos á data?

E si facedes a conta, que é fácil—recolendo uns poucos informes—veredes que tod'ó donado non significa mais que un cativo anaco do moito que vós dístedes.

Decatarédesvos estonces, tamén, do progreso que abranguerá Galicia cando sexa autónoma e dispoña libremente dos seus cartos tendo soio que pagare aquilo que lle corresponda pr'ó sostinimento dos gastos xenerás do Estado.

E seredes nazonalistas rexos.

\*\*\*

¿Que é iso de «sermos españoles antes que nada?» Primeiro é sere galego, ou catalán, ou andalús, ou vasco... Somente eisi pódese chegare á sere bô español. Galego, catalán, andalús, etc., son nomes *específicos*; español é nome *xenérico*. E primeiro é a especie que o xénero.

Si semos españoles antes que nada, fállanos unha realidade específica que nos fará sentire desamore pol-as cousas da terra.

¿Que galego, non desleigado, quere ás mais rexións d'España com'a súa? Pois España e o conxunto de total-as rexións *mais a súa*.

Sô un galego imbécil pode, pois, dicire que non é galego antes que nada. S'è gale-

## As Torres d'Altamira

Alí está no curuto da montaña, deitado hai centos de anos á bartola, o ruinoso pantasma que asomella unha fera sin dentes e sin poutas.

Cadavre d'un poder esnaquizado, derradeiro estertor d'unha edá morta, d'esa que un tempo foi feudal morada soilo queda a deforme carantofía.

Cando entr'os paredós das vellas torres funga o vento, dixérase que rosma y-ensaya xusticieiros anatemas, formando apocalípticas estrofas.

Son as estrofas rudas e valentes do himno trunfal que anuncia a boa nova; son as estrofas que ós modernos pobos vinganzas piden e maldades contan.

\* \* \*

Arredor do castelo arremuíñadas, cal si buscasen algo que non topan, están as chouzas rústecas da aldea que pol-o val se estenden e repousan.

Os malpocados míseres labregos que n'elas viven, coa probeza en loita, levan no sangue, por fatal herencia, o formento de parias e de ilotas.

Y-entrantes as torres d'Altamira se esborrelan a eito e se esmoroan, eles cumpren o fin da raza homilde trocánda, sin querer, en raza morta...

\* \* \*

Diante eses restos que algún día foron anacos mudos da gallega historia, parés que os infanzós inda rexurden pra andar cos ricos homes en liortas.

Ven á memoria o tempo das mesnadas e dos servos da gleba, que recordan os manates de forza e de coitelo coas suas servidumes oprobiosas.

Síntense as labazadas do pasado con tod'a tirria d'unha forza morta, y-a Musa do progreso entr'as ruínas parece erguerse altiva e vingadora.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

go por esencia natural, español por accidente histórico.



Galicia, oficialmente, non ten persoalida- de; Galicia non existe pr'ó Estado español. Pra o Estado español existen as provincias de Lugo, Cruña, Ourense e Pontevedra, administradas e gobernadas do mesmo xeito que as de Castela, Andalucía e Levante. Unha mesma cativa política pra todos. Cando nin un mesmo freno serve pra todol-os cabalos, nin o mesmo xugo pra todol-os bois. A aguillada e a tralla son as únicas cousas que fan igoal efecto, sexan ou non uniformes.

O gran orador tradicionalista Vázquez de Mella, dicíalle á un amigo noso fai tempo: En Galicia temos unha cousa moi dina d'estudio: o que eu chamo o *mito da autoridade*.

Vedes que nas nosas vilas e aldeias, pol-a mais pequena cativeza, mátanse uns mozos á outros. Abonda a disputa por un vaso de viño ou pol-o fitar d'unha rapaza, pra que haxa mortes. A raza n'isto, amostra un gran desprezo da vida.

En troques, coase non hai lembranza de que un d'eses caciques, donos de vidas e fa-

cendas, que na nosa terra son lexión e inter- veñen a xusticia, a virtude das mulleres, todo... teña sido vítima da carraxe d'aqueles homes rexos e ferros.

Certamente, ten razón Vázquez de Mella: Hai en Galicia o mito da autoridade. Un fenómeno psicolóxico do noso pobo.



Galicia, com'a *Gioconda*, ten unha sorri- sa, mais que enigmática, despeitiva, pra Leonardo (non de *Vinci*, senon *Væ Vitis*, que quere dicir Rodríguez.)

Os boletís de Villalba, Mondoñedo e Lugo (tamén algús de Pontevedra, Ourense e a Cruña) veñen mallando, que da xenio, n'aquel apóstol do besadismo, que cantou un hino ó caciquismo.

Inda hai patria, Augusto.



Manoliño Picorete, convencido de que fixo o ridículo ofercéndose pra candidato á xentes de varios distritos (algús d'Ourense), agora adícase á escribir parvadas sin xeito, que caen no valeiro, nas tolerantes e plúm- beas colunas da *Voz de Galicia*.

El, como dereito de pataleo, arela popu- laridade.

E ninguén lle fai caso. ¡Quén ha de facer- llo! ¡Repersenta Picorete algún valor positi- vo; algo que non sexa a cursilería mais outa?

¡Picorete, preto dos 60 anos, querer fa- guere carreira política!

Pobriño, xa non che agarda mais que cencerradas. Non naciches pr'ós belos xeitos...

Nin co'as píldoras de Hércules, nin con tinturas pr'ó cabelo xurdes xa, Manoliño. ¡Por vida dos cuellos de paxarita!



*España Económica y Financiera*, un bole- tín adorador dos Sexismundos que dirixe Madariaga (home de tan pouco pesquis que na Cruña non sirvú pra *repórter*), falando do rexionalismo galego dixo unha chea de parvadas que loubaron todol-os xornás ca- ciquis.

Contestaremos a elas no próisimo núme- ro d'A NOSA TERRA. Inda que non mere- cen a pena.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

## Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisi quen llo venda, fica en libertade de darlle calquer *sustituto* ou *imitazón*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo SELLO YER, e sí outro calquera, cuios efectos seran sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

*Pida, eisixa vosté sempre o*

## SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODAL-AS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cárrago de toda cras de traballos grá- ficos, en imprenta, lito- grafía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra  
asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as li- brerías e na administra- zón d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

:: DE CALZADO ::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Gande, 15

A CRUÑA

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, milliores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**BALDOMIR**

Pôrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

- DE -

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos milliores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

—\*—

Espeellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

**Farmacia da Silva**

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense no Rego d'Auga, 44

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


**NA ZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícos e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

**LINEA DE HABANA E VERACRUS**

|                                      |              |
|--------------------------------------|--------------|
| Prezo en terceira â Habana . . . . . | Ptas. 298'60 |
| » » Veracrús. . . . .                | » 313'60     |

Facilítanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.